

A PERDA DE AULAS E PROFESORADO NA COMARCA DUPLICA A DA PROVINCIA DE OURENSE

Un tercio das aulas pechadas durante a crise na provincia o fixeron en valdeorras.

O 29 % do profesorado de infantil e primaria da comarca e interino.

INICIO DE CURSO

PRIMARIA

Aulas

Pola contra, o número de aulas na provincia sofre un goteo constante de peches dende o comezo da crise.

Dende 2009 **pecharon colexios como o de Montederramo e escolas unitarias e perdéronse 20 aulas de infantil e primaria que supón o 33% das aulas pechadas en toda a provincia.**

Profesorado

Como consecuencia evidente do peche de aulas prodúcese a supresión de postos de traballo, **mais dun 19% dende o 2009 (case duplica a provincia co 11%).**

Especialmente preocupante son a situación dos **CPI que perderon preto do 50% das aulas e mestres no período 2009-2017**

En canto o profesorado precario, dicir que a pesar da OPE 2017 se van a adxudicar un 5% mais de vacantes ao profesorado interino que o curso 16-17 (**o 76% das adxudicacións. Mais do dobre que na provincia que é do 35%**), o que nos da unha visión clara, de que a OPE 2017 foi insuficiente. **A este respecto CCOO Ensino, asinou antes do verán un plan de emprego coa administración con taxas de reposición do 100% durante os próximos 5 anos e unha redución do profesorado interino ao 8%.**

Cabe destacar o aumento nun 7% do profesorado itinerante respecto o curso 16-17 que cada vez ten mais itinerancias con ata 4 centros. CCOO Ensino considera que as itinerancias permiten flexibilizar a adxudicación e facilitar a mesma pero **NON mellora a calidade do ensino** xa que un mestre con 4 centros a itinerar e imposible que poda realizar de maneira adecuada o seu traballo debido as poucas horas que está con cada aula. Outro dos motivos para recordarlle a administración que **a itinerancia non debe ser o habitual senon a excepción** é que a maioría dos Mestres itinerantes o son de especialidades de necesidades educativas especiais e que requiren dunha maior carga horaria para que o seu traballo sexa efectivo. Polo tanto, CCOO Ensino recomenda reducir o numero de itinerancias e facelo de

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

maneira drástica naqueles docentes que traballan con rapaces con necesidades educativas.

CCOO Ensino lembralle a consellería que os centros bilingües hai que dotalos axeitadamente para garantir que o bilingüismo sexa real.

A teor dos datos expostos as conclusións son as seguintes:

CCOO Ensino leva anos denunciando que a consellería está a deixar morrer os nosos pobos e vilas, política que está a afectar gravemente a provincia de Ourense o ser o rural un dos nosos maiores valores. CCOO Ensino lembra que a perda dos colexios nos nosos pobos é o comezo da perda do municipio e solicita que as administracións non teñan unha visión cortoplacista que non vai mais alá das seguintes citas electorais.

CCOO Ensino Ourense considera que os datos o longo do período 2009-2017 deixan en evidencia as intencións do goberno do PP, así como o *modus operandi* no peche de aulas e centros, primeiro deteriora o servizo eliminando aulas só atendendo a ratios e cando o deterioro é tal que o centro non é sostible procede o desmantelamento mediante a xustificación da non viabilidade. Dende CCOO Ensino entendemos que anterior o peche dunha aula, debe existir unha valoración que permita identificar cales son os motivos e ver cal ou cales son as mellores solucións

CCOO Ensino solicita, que a modificación do catálogo anual se estableza dentro dunha negociación coas OOSs que garanta un ensino de calidade cunha adecuada distribución de aulas e RRHH atendendo a criterios pedagóxicos, socio-económicos e culturais, tendo como punto de partida o acordo de agrupamentos asinado no ano 2009

SECUNDARIA

- **FP BÁSICA:** Unhas ensinanzas que a teor da LOMCE, deberían sufrir un aumento do alumnado están sufrindo unha **perda espectacular do 30% na provincia** dos mesmos respecto o curso 16-17 debido o que CCOO Ensino leva denunciando varios anos, mala planificación da oferta con poucas opción para unas ensinanzas que debemos lembrar son obrigatorias e a única medida de atención a diversidade para aqueles rapaces que non son capaces de superar a ESO

Profesorado

Dende CCOO Ensino Ourense, denunciemos un ano mais a opacidade na publicacións dos datos de profesorado, que dende o ano 2013 descoñecemos. Polo tanto, o noso análise faise a través das adxudicacións provisionais de destino. Tendo en conta os datos ate o 2013, así como os resultados anuais na adxudicación

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

provisional de destinos consideramos que o **profesorado descendeu preto do 10-11 % dende o 2009 a nivel provincial**. Esta estimación ten en conta a OPE 2017.

Da adxudicación provisional de destinos sacamos as seguintes conclusións:

A pesar da oferta pública de emprego do ano 2017, os datos indican que foi claramente insuficiente o aumentar o número de adxudicacións nun 17% respecto o curso 16-17.

O 34% do profesorado ten afinidade, un 10% mais que a nivel de provincia.(imparte materias das que non é especialista)

Tendo en conta os datos as conclusións nas ensinanzas de secundaria, FP e outras son as seguintes:

CCOO Ensino denuncia, a escasa oferta na FP Básica.

CCOO Ensino lembra que as ensinanzas de FP Básica son de oferta obrigatoria e que a consellería debe ofrecer alternativas reais o alumnado que curse a FP Básica. O feito de engadir unha soa proposta de FP Básica en Viana do Bolo no curso 16/17 o consideramos unha burla tendo en conta, que o ciclo de informática de oficina xa existe na Rúa e que nunha comarca como a de Valdeorras, Viana e Trives os alumnos só poden optar por electricidade e electrónica (Trives), mantemento de vehículos (O Barco) e informática de oficina (Viana e A Rúa)

Esta maneira de actuar non ven máis que a constatar a hipocresía da Consellería de Educación na súa "aposta pola FP", unhas ensinanzas que tiñan un crecemento exponencial nos últimos anos e que coa xestión nefasta da administración está a deixar de ser atractiva a teor dos datos de matriculación.

CCOO Ensino Ourense, denuncia o mantemento con respecto ao curso 16-17 do profesorado con afíns de outros corpos (Docentes de secundaria con afíns de técnicos de FP e técnicos de FP con afíns secundaria).

Por todo isto, CCOO Ensino Ourense, segue a reclamar un cambio nas políticas educativas que non atendan a criterios economicistas, senon que teñan como piares básicos a equidade e a igualdade garantindo un ensino público de calidade.

IMPLANTACIÓN LOMCE:

Mobilizacións no mes de novembro con folga xeral do alumnado que rematou co aparazamento do calendario de implantación da LOMCE no mes de decembro. Caos no profesorado de bacharelato e o alumnado o non saber como ían ser as probas de acceso a universidade ate ben avanzado o curso. Todo isto remata cunha comisión parlamentaria en búsqueda dun pacto educativo. Pacto que CCOO Ensino considera

CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa CCOO informa

imprescindible pero cuxa negociación debe ser aberto a toda a comunidade educativa, de non ser así, é probable caer nos erros do pasado.

INFRAESTRUTURAS:

CEIP JULIO GURRIARAN: Grazas a presión da comunidade educativa, o proceso de execución da obra ten un calendario que permitirá que a instalación esté en uso no curso 18-19.

PERSOAL NON DOCENTE:

CCOO Ensino denuncia os problemas que están a ter algúns centros para que se cubran as baixas do persoal laboral que traballa nos centros públicos tendo que agardar ate 10 días o que supón unha carga de traballo excesiva para o resto do persoal do centro tendo en conta que este persoal encárgase das cociñas, coidados de alumnado con NEE e limpeza dos centros.

O Barco, Setembro 2017

[Para máis información:](#)

[Daniel Rodríguez](#)
[Responsable comunicación Ourense](#)
[Federación de Ensino de CCOO Galicia](#)
[Tel.628439444](#)